

PREGUNTAS MÁIS FRECUENTES SOBRE A TRADUCCIÓN/INTERPRETACIÓN XURADA DENDE E PARA O GALEGO

A seguir presentamos unha escolma das preguntas máis frecuentes sobre a tradución e a interpretación xurada directa e inversa en galego. Na actualidade, o noso grupo de traballo está a elaborar un protocolo formal para as traducións e as interpretacións xuradas que agardamos poder ofrecer axiña.

CANTO Á PRÁCTICA PROFESIONAL

Que persoa está habilitada para facer unha tradución/interpretación xurada?

As traducións/interpretacións xuradas só poden realizalas os/as tradutores/as e intérpretes xurados/as nomeados/as pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, e aqueles/aquelas que foron habilitados no seu día polo Ministerio de Asuntos Exteriores.

Cal é o labor do/da tradutor/a intérprete xurado/a?

Traducir todo tipo de documentos, a miúdo aqueles que emanan de calquera acto xurídico, e legalizar os textos traducidos en calidade de fedatario público, coa súa propia certificación, selo e sinatura.

Cotexar, revisar e legalizar as traducións realizadas por terceiras persoas, as cales quedarán automaticamente exoneradas de toda clase de responsabilidades sobre a autenticidade, precisión e integridade das traducións, ao quedaren estas plenamente asumidas polo/a tradutor/a xurado/a.

Pola súa condición de auxiliar da Xustiza e da Administración, interpretar verbalmente, de forma simultánea ou consecutiva, o falado entre as partes durante a instrución de dilixencias, interrogatorios etc. e referendar coa súa sinatura a autenticidade, a precisión e a integridade do que se anote formalmente nos sumarios, rexistros ou expedientes.

Os/As tradutores/as e intérpretes xurados/as poden facer traducións/interpretacións directas e inversas na súa combinación de linguas?

Si, a Dirección Xeral de Política Lingüística autorízaos/as a realizar traducións/interpretacións en ambos sentidos. Con todo, cómpre ter en conta que, no caso das traducións inversas, é o organismo receptor o que finalmente decide se acepta ou non a tradución/interpretación, polo que convén que o cliente se asegure previamente de se van aceptar unha tradución realizada por un tradutor xurado de galego antes de encargar o traballo.

Pódense xurar traducións realizadas por terceiras persoas?

Pode. Facelo ou non só depende do/a tradutor/a. Non obstante, cómpre ter en conta que a persoa que certifique a tradución será a que asuma toda a súa responsabilidade.

Un/Unha tradutor/a xurado/a pode certificar a autenticidade dun documento orixinal ou legalizalo?

Non, esta non é en ningún caso a súa función. O/A tradutor/a xurado/a responsabilízase da transferencia dun documento entre dous sistemas (administrativos, xurídicos, comerciais, institucionais, nacionais etc.) diferentes. Para certificar a autenticidade dun documento orixinal ou legalizalo existen órganos especialmente encargados de establecer a falsidade ou a autenticidade dos documentos, así como de legalizalos.

Un/Unha tradutor/a xurado/a pode revisar a tradución doutro/a tradutor/a xurado/a?

Unha vez asinadas e seladas, as traducións xuradas só poderán ser revisadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística e, só no caso de que sexan autoridades competentes as que soliciten a revisión. Cómpre sinalar que, como os nomeamentos dos/as tradutores/as xurados/as de galego son moi recentes, non existe ningunha disposición legal ao respecto. Provisionalmente, extrapolamos logo ao caso galego as competencias da Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores do Estado.

Por outra banda, nada impide que un/unha tradutor/a xurado/a lle pida a un colega que lle revise a tradución antes de asinala, selala e certificala.

Pode actuar un/unha tradutor/a e intérprete xurado/a fóra da súa provincia?

Si, en principio, o nomeamento é válido en todo o territorio do Estado.

Existe unha lista pública de tradutores/as e intérpretes xurados/as de galego?

Existe. Trátase dunha lista de profesionais elaborada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, mais nela só figuran os profesionais que autorizaron expresamente a publicación dos seus datos. Pódese consultar no enderezo seguinte:

http://www.xunta.es/linguagalega/rexistro_de_tradutores_e_interpretes_xurados

Na lista do Ministerio de Asuntos Exteriores, figuran tamén os/as tradutores/as e intérpretes xurados/as habilitados no seu día por este organismo:

<http://www.maec.es/es/MenuPpal/Ministerio/Tablon%20de%20anuncios/Interpretes%20jurados/Paginas/Intrpretes%20Jurados.aspx>

Pódese facer unha tradución xurada a partir dunha fotocopia, un fax ou un documento electrónico?

Pode. Non existe ningunha norma que impida traducir calquera tipo de documento. Algúns/Algunhas tradutores/as xurados/as especifican no encabezamento, na certificación ou na portada da tradución (no caso de que inclúan unha) a natureza de orixinal ou de reprodución do texto a partir do cal traballaron,

por exemplo se a tradución se realizou a partir dun documento orixinal, dunha fotocopia, dun fax, dun documento electrónico, dunha copia compulsada, dunha mensaxe de móbil etc.

Unha tradución xurada pódese entregar por correo electrónico ou por fax?

Non. A tradución xurada só se pode entregar en soporte de papel. Como no texto traducido debe figurar a sinatura e o selo do/da tradutor/a, o correo electrónico resulta de momento inviable ata que se estendan para a tradución xurada as prácticas e os medios que fagan posible selar e asinar electronicamente. Por outra banda, a tradución xurada é de por si un documento orixinal, polo que só teñen valor as follas materiais asinadas e seladas polo/pola tradutor/a. A súa transmisión por fax ou por correo electrónico só é válida con fins informativos, pero carece totalmente de validez oficial.

Pódense presentar fotocopias das traducións xuradas?

En principio hai que presentar sempre os documentos orixinais, aínda que pode haber organismos que acepten copias cotexadas.

De que tipo de documentos se pode facer unha tradución xurada?

Pódese facer unha tradución xurada de calquera tipo de documento. Non sempre é necesario que as autoridades lle esixan ao cliente unha tradución xurada para que este a solicite. Nalgúns casos, o cliente encarga unha tradución xurada simplemente porque lle ofrece unha especial garantía ou seguridade.

CANTO Á PRESENTACIÓN DAS TRADUCIÓNS XURADAS

Como se deben presentar as traducións xuradas?

Non existe ningunha norma ao respecto, polo que hai unha gran heteroxeneidade na práctica dos/das tradutores/as xurados/as. A modo orientativo recomendamos o documento "Orientacións metodolóxicas para a realización de traducións xuradas" dispoñible en pdf na nosa páxina web.

É obrigatorio usar papel timbrado?

Non existe ningunha norma que estableza o uso obrigatorio dun tipo de papel concreto. Con todo, moitos/as tradutores/as utilizan esta formalidade para darlle ao seu texto unha maior autoridade e identidade legal.

Hai que xuntar unha copia do orixinal?

Non é obrigatorio, xa que a tradución xurada xa produce efecto xurídico de por si, independentemente do orixinal. Non obstante, algúns/algunhas tradutores/as xuntan unha copia do orixinal para que non exista ningunha dúbida sobre o documento a partir do cal se realizou a tradución.

Hai que imitar o formato do orixinal?

Non existe ningunha norma concreta ao respecto, polo que algúns/algunhas tradutores/as optan por cingirse ao orixinal e outros por presentar as súas traducións en texto corrido. Non obstante, como no caso do papel timbrado, o/a tradutor/a debe ter en conta o feito de que, dende o punto de vista do marketing, está a vender un produto e que a imaxe xoga ás veces un papel determinante.

Que certificación cómpre xuntar á tradución xurada?

A certificación que o/a tradutor/a xurado/a debe incluír ao final de cada unha das súas traducións figura no anexo I do DOG do 20 de setembro de 2002 (http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Decreto_tradutores.txt) e é o seguinte:

Certificado.

(Nome e apelidos), como (tradutor/a e/ou intérprete xurado/a) de (lingua),
Certifico: que esta tradución para o (lingua de destino) é completa e fiel ó seu documento orixinal redactado en (lingua de orixe).

E para que así conste, asino este certificado,
(Localidade e data).
(Selo).
(Sinatura).

Pode engadirse algunha información adicional a esta certificación?

En principio, a certificación obrigatoria é a que figura no anexo I do DOG do 20 de setembro de 2002. Non obstante, algúns/algunhas tradutores/as xurados/as engaden outros datos que non figuran nesta certificación como o número de páxinas do que se compón a tradución, se a tradución se realizou a partir dun documento orixinal ou se, polo contrario, se utilizou unha fotocopia, fax etc. que en realidade non modifican en nada o texto inicial, senón que o fan máis detallado.

En que idioma debe aparecer a certificación nas traducións inversas?

O DOG do 20 de setembro de 2002 non establece nada a este respecto, polo que se pode interpretar que a certificación obrigatoria é a que figura en galego no anexo I. Porén, nós pensamos que o lóxico é que figure no idioma da tradución, para que o destinatario poida ter tamén acceso á información que contén.

Propoñemos pois que se utilice a certificación anterior traducida ao idioma correspondente ou un modelo de certificación semellante.

Que información debe figurar no selo?

O DOG do 20 de setembro de 2002 establece no anexo I os datos que deben figurar no selo:

1. Nome e apelidos do/da tradutor/a ou intérprete xurado/a.
2. Número de rexistro.
3. NIF.
4. Linguas e modalidades (tradución/interpretación ou as dúas) para as que está habilitado/a.
5. Enderezo e teléfono.



No selo pode incluírse algunha imaxe, emblema ou logotipo?

Non, o DOG do 20 de setembro de 2002 no seu anexo I establece claramente os únicos datos que poden aparecer no selo, indicando expresamente "sen ningún tipo de engadido ou símbolo".

No selo pode incluírse o enderezo de correo electrónico?

Aínda que este dato non figura no anexo I do DOG do 20 de setembro de 2002, probablemente porque se toma o modelo de selo da Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores, e este foi establecido nunha época na que o correo electrónico non existía, pensamos que se pode engadir este dato sen problema, xa que hoxe en día é un medio de contacto habitual.

CANTO ÁS TARIFAS

Existen tarifas oficiais para os/as tradutores/as e intérpretes xurados/as?

Non, cada tradutor/a establece as súas propias tarifas.

Como se cobran as traducións xuradas?

Os/As tradutores/as teñen total liberdade para elixir o seu sistema de tarifas, polo que existe moita variedade na práctica. O máis habitual é cobrar por palabra (algúns profesionais cobran segundo o número de palabras do documento orixinal e outros prefiren cobrar a partir do número de palabras obtidas no texto de chegada). Tamén hai profesionais que establecen as súas tarifas por páxina. A maioría fixa tamén unha tarifa mínima.

Adóitanse realizar descontos por repeticións nas traducións xuradas?

Non. Os documentos orixinais adoitan estar en papel e non permiten utilizar programas de tradución asistida, polo que non ten moito sentido facer descontos.

Non obstante, adoita ser habitual facer unha excepción cando un cliente propón varios documentos idénticos nos que só varían algúns datos.

De todos os xeitos esta é unha decisión que só lle corresponde tomar ao/á profesional.

É habitual aplicar recargas?

Moitos profesionais aplican unha recarga por urxencia no caso de ter que traducir un número de palabras diarias superior ao que fan habitualmente, ou no caso de ter que traballar en días festivos ou fins de semana.

Como se cobran as copias das traducións xuradas?

Adóitase cobrar unha porcentaxe do prezo da primeira tradución, aínda que o/a tradutor/a é libre de establecer a que considere máis adecuada.